

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de auxiliar de axuda a domicilio (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal*

##### ANUNCIO

**Expediente núm.: 2022/E001/000018**

Mediante Decreto 1078/2023, do 10 de maio, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de auxiliar do servizo de axuda a domicilio mediante o sistema de concurso-oposición, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de auxiliar de servizo de axuda a domicilio, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	EXAME (Galego/ Castelán)
1	Caínzos Prieto, María Carmen	***1620**	Non	Galego
2	Doce Gabeiras, María Josefa	***1002**	Non	Galego

##### b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	EXAME (Galego/ Castelán)	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Pita García, Montserrat	***2995**	Sí	- Non presenta a relación de méritos conforme ao modelo do Anexo II das bases específicas	-	
2	Sierra Otero, María Luz	***0877**	Si	- Falta a declaración responsable que establece a base 5.2a) das bases específicas	-	

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

O persoal aspirante que estea en posesión do CELGA 3 (ou equivalente) e que non o achegou, poderá facelo no indicado prazo.

As persoas aspirantes que non fixeran elección da lingua (galego ou castelán) en que desexa realizar os exercicios do proceso selectivo, a excepción, de ser necesario, da proba de galego, poderán presentar durante o dito prazo, na sede electrónica do Concello das Pontes, a súa preferencia. No caso de non optar durante o dito prazo por ningunha das linguas, as preguntas entregaranse redactadas en lingua galega.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso

selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 11 de maio de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/3772